



Ana Comesaña Álvarez
Directora de RRHH. SERGAS.

Durante os últimos 10 anos vimos denunciando que a taxa de reposición e as políticas de vinculación temporal ían provocar un efecto perverso na sanidade pública, e nomeadamente no ámbito da atención primaria.

Conxuntamente coa nosa denuncia, vimos esixindo que na mesa sectorial se negocien as condicións de traballo e retributiva do persoal; condicións de traballo cada día mais deterioradas. Fronte a isto, a resposta do SERGAS sempre foi unha continua negativa.

Coa situación actual de deterioro e ausencia total de profesionais, o SERGAS ten a obriga de negociar de inmediato as condicións laborais do persoal, e non pode seguir fuxindo disto, nin seguir responsabilizando ao persoal da xestión do seu centro.

A negativa do SERGAS a negociar na mesa sectorial, o que pon de manifesto é un desprezo absoluto ao traballo dxs profesionais. A retribución do traballo ten que estar en liña coa calidade, coñecemento científico, responsabilidade...

Por todo isto, desde CIG-SAÚDE esiximos a convocatoria inmediata da mesa sectorial, para ademais de negociar o Plano de Ordenación de Recursos Humanos, negociar as seguintes materias:

Medidas Retributivas:

- A xornada que se realiza nos PACs é xornada ordinaria, e así se recolle nos acordos de mesa sectorial do ano 2008. Esiximos a retribución de hora de xornada e non de GARDA.
- Pago da atención continuada, noites e festivos, nas contías recollidas na Orde de confección de nóminas.

Medidas organizativas:

- Establecer un calendario de cobertura de xornada de PACs para que o persoal saiba, con suficiente antelación, o día a realizar a xornada no PAC.
- Establecer cales son os PACs de referencia no que o persoal solicita facer a xornada complementaria. Pode ser nos PACs de referencia da unidade ou servizo, ou con outro ámbito de prestación.
- Realizar unha oferta de voluntariedade entre o persoal. Identificando os PACs, na que o persoal tamén poderá manifestar outras preferencias.
- Elaborar un listado coa preferencias manifestadas polo persoal. Listado que será público
- Establecer un calendario de rotación para a cobertura das ausencias.
- Negociación nas comisión de centros destas medidas.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago
Tfnos: 881 975949
881 975950
662 312958

Cumprir os acordos do ano 2008, no referente a que ante a ausencia de profesionais para a cobertura da ausencia nas unidade o servizos, se ofrezca a prolongación de xornada.

Na situación actual de sobrecarga, non ten cabida a intersubstitución para cubrir as ausencias do persoal.

Agardamos recibir a convocatoria de reunión á maior brevidade posible.

Un saúdo

Compostela, 10 de novembro de 2021.

Asdo: M^a Xosé Abuín Álvarez.
Secretaría Nacional de CIG-SAÚDE.

Correo-e:
secretarianacional@cig-saude.gal
organizacion@cig-saude.gal
saudelaboral@cig-saude.gal

Web:
www.cig-saude.gal